

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

**13024** *Real decreto 934/2020, do 27 de outubro, polo que se crea a Sección Novena do Consello de Estado, de conformidade co disposto no artigo 13 da Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado.*

#### PREÁMBULO

Transcorridos corenta anos desde a aprobación da Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado, cómpre actualizar a estrutura do Consello de Estado para adaptala ao volume e á complexidade das consultas dirixidas a esta institución, derivados dos cambios producidos no noso ordenamento xurídico, así como na propia organización do sector público.

Desde a última actualización que se produciu en 1980 ocorreron acontecementos transcendentais como a adhesión á Unión Europea, coa conseguinte recepción e integración do seu dereito. Por outra parte, a complexidade normativa tamén resulta da especificidade de novos sectores regulados e interconectados como os da competencia, dos mercados da enerxía eléctrica, audiovisual ou protección de datos, cuxa análise require dun elevado grao de coñecemento técnico. Nalgúns destes sectores comezaron a operar as autoridades administrativas independentes con capacidade regulamentaria.

Como consecuencia de todo iso incrementouse o volume de consultas dirixidas ao Consello de Estado, provenientes do Goberno, pero tamén das autoridades administrativas e das comunidades autónomas que ou ben non contan cun órgano consultivo, ou este ten competencias limitadas ou usan o mecanismo da consulta potestativa.

Para responder a esta necesidade de actualizar a estrutura do Consello de Estado, a Comisión Permanente, na súa sesión do 15 de outubro de 2020, propúxolle ao Goberno a aprobación da creación dunha nova sección, a novena, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, que dispón que o número de seccións do Consello de Estado se pode incrementar regulamentariamente por proposta da súa Comisión Permanente, cando o volume das consultas o exixa.

Na súa virtude, por proposta do Consello de Estado, tramitada por medio da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de outubro de 2020,

#### DISPOÑO:

Artigo único.

Créase a Sección Novena do Consello de Estado, de conformidade co disposto no artigo 13 da Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado.

Disposición derradeira.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de outubro de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,  
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática  
CARMEN CALVO POYATO